



ENTIDADE LOCAL MENOR  
DE  
PAZOS DE REIS  
(TUI)

## PREGO DE CONCESION PARA A CONCESION TEMPORAL DA EXPLOTACIÓN DO LOCAL PARA CAFETERÍA RESTAURANTE NO EDIFICIO ADMINISTRATIVO A MACOCA.

### ELEMENTOS DO CONTRATO

- 1. OBXECTO DA CONCESION.-** É obxecto das presentes bases regula-lo procedemento e o contido da concesión temporal, da explotación do local para cafetería restaurante no Edificio Administrativo A Macoca.

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado, tal e como establece o artigo 9 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

- 2. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.** A forma de adxudicación do contrato de arrendamento será o concurso, no que calquera interesado poderá presentar unha oferta, de acordo con o artigo 107.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

A adxudicación do contrato realizarase en base a mellor oferta económica presentada.

- 3. PERFIL DO CONTRATANTE.** O procedemento a que se refire o presente prego publicarase no perfil de contratante da Entidade Local Menor de Pazos de Reis (artigo 156.6 LCSP), integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia <https://www.contratosdegalicia.gal/>

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual da Entidade Local Menor de Pazos de Reis, se facilita a través del Perfil de Contratante da Entidade Local Menor de Pazos de Reis toda a información relativa a súa actividade contractual, incluíndo os anuncios relativos ao presente contrato, o presente Prego e documentación complementaria no seu caso, nos termos do art 63 da LCSP.

Toda a documentación necesaria para a presentación da oferta estará dispoñible por medios electrónicos dende o día da súa publicación no devandito perfil de contratante.

- 4. PREZO DE CONCESIÓN.-** Os licitadores do contrato deberán ofertar un canon anual, mínimo, de 6.057,85 euros.

Os concursantes farán mención á cantidade anual, máis IVE, que ofrecen pola explotación da cafetería - restaurante.

Unha vez transcorrido o primeiro ano do contrato, os prezos serán obxectos de revisión automática, tendo en conta as variacións do índice de prezos ó consumo no conxunto nacional publicado polo Instituto Nacional de Estatística.





ENTIDADE LOCAL MENOR  
DE  
PAZOS DE REIS  
(TUI)

O ingreso do prezo será efectuado polo adxudicatario na Tesourería Municipal por trimestres naturais mediante o procedemento da autoliquidación, sen necesidade de liquidación previa, dentro do mes seguinte ó de comezo de cada trimestre.

**5. DURACIÓN DA CONCESION.-** O concesión outorgase polo prazo de **CINCO ANOS (5)** , prorrogables por **outros cinco**, sen que esta poida ser producida por consentimento tácito, precisando en todo caso mutuo acordo expreso antes da finalización do contrato

**6. ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR.-** Poderán presentar ofertas, por si mesmas ou por medio de representantes, as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibicións para contratar.

1. A capacidade de obrar acreditarase:

- a) En canto a persoas físicas, mediante a fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- b) En canto a persoas xurídicas, mediante a fotocopia compulsada do CIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

2. A proba, por parte dos empresarios, da non concorrencia dalgunha das prohibicións para contratar, poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos. Cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado

**7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.-**

**1. Condicións previas**

A proposición do interesado deberá axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo licitador do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta.

**2. Lugar e prazo de presentación de ofertas**

A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente de forma electrónica, a través da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia no enderezo electrónico: [https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE\\_Internet/](https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/), e conforme os requisitos





ENTIDADE LOCAL MENOR  
DE  
PAZOS DE REIS  
(TUI)

técnicos establecidos na citada plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.

A utilización destes servizos supón:

- A preparación e presentación de ofertas de forma telemática polo licitador.
- A custodia electrónica de ofertas polo sistema.
- A apertura e avaliación da documentación a través da plataforma.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse dentro do prazo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante (art. 159.6.a) LCSP, nun sobre ou arquivo electrónico cuxos documentos deberán ser asinados electrónicamente polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos.

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil de contratante.

A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, durante as 24 horas do día. O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos. Se a oferta é recibida despois deste prazo e horario será excluída.

### 3. Información aos licitadores

O acceso aos pregos e demais documentación complementaria ofrecerase por esta Entidade Local por medios electrónicos, a través do perfil de contratante da Entidade Local Menor de Pazos de Reis, integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, no seguinte enderezo electrónico: <https://www.contratosdegalicia.gal/>, acceso que será libre, directo, completo e gratuíto, e que se efectuará desde a data da publicación do anuncio de licitación.

Os órganos de contratación da Entidade Local proporcionarán a todos os interesados no procedemento de licitación, como moi tarde 6 días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, a información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten, a condición de que a pidiran polo menos 12 días antes do transcurso do prazo de presentación das proposicións.

Carácter vinculante das respostas: Si: No: x.





ENTIDADE LOCAL MENOR  
DE  
PAZOS DE REIS  
(TUI)

#### 4. Contido das proposicións

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en **dous arquivos electrónicos**, asinados polo licitador, nos que se fará constar a denominación do arquivo electrónico e a lenda «*Proposición para licitar á contratación da concesión temporal, da explotación do local para cafetería restaurante no Edificio Administrativo A Macoca*».

A denominación dos sobres é a seguinte:

- Arquivo electrónico «**A**»: **Documentación Administrativa.**
- Arquivo electrónico «**B**»: **Proposición Económica.**

Os documentos para incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

Arquivo electrónico «**A**»: **Documentación Administrativa.**

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario, e no seu caso, a representación.

- Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, acreditarán a representación de calquera modo adecuado en Dereito.
- Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar rexistrado no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.
- Igualmente a persoa con poder bastantado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

b) Unha declaración responsable de non estar incurso na prohibición de contratar e que comprenderá expresamente a circunstancia de acharse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias, incluídas as do Concello, e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

#### «MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

\_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_, con NIF núm. \_\_\_\_\_, en





ENTIDADE LOCAL MENOR  
DE  
PAZOS DE REIS  
(TUI)

representación da Entidade \_\_\_\_\_, con NIF núm. \_\_\_\_\_, a efectos da súa participación na licitación, ante \_\_\_\_\_

### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

**PRIMEIRO.** Que se dispón a participar na contratación para a concesión temporal, da explotación do local para cafetería restaurante no Edificio Administrativo A Macoca

**SEGUNDO.** Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo prego de cláusulas administrativas particulares para ser adxudicatario, en concreto:

Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014].

Estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)

**TERCEIRO.** Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Firma do declarante,

Asdo.: \_\_\_\_\_»

Arquivo electrónico «B»: **Proposición Económica.**

Presentarase conforme ao seguinte modelo:





ENTIDADE LOCAL MENOR  
DE  
PAZOS DE REIS  
(TUI)

« \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, con NIF núm. \_\_\_\_\_, en representación da Entidade \_\_\_\_\_, con NIF núm. \_\_\_\_\_, decatado do expediente para a contratación da concesión TEMPORAL DA EXPLOTACIÓN DO LOCAL PARA CAFETERÍA RESTAURANTE NO EDIFICIO ADMINISTRATIVO A MACOCA, mediante mediante concurso anunciado no perfil de contratante, fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e ofertando polo ben a cantidade de \_\_\_\_\_ euros

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Firma do candidato,

Asdo.: \_\_\_\_\_».

8. **CRITERIO DE VALORACIÓN.-** Para a valoración e negociación da oferta atenderase unicamente ao prezo ofrecido.
9. **CRITERIOS DE DESEMPATE:** De conformidade co disposto no artigo 147.2 LCSP
10. **ÓRGANO DA CONCESIÓN.-** De conformidade co art. 89 do Regulamento de Bens das corporacións locais, a concesión será outorgada polo órganos competente da corporación, que neste caso e a Xunta Veciñal.
11. **CUALIFICACIÓN DOCUMENTACIÓN XERAL.-** Rematado o prazo de presentación das proposicións, a Xunta Veciñal, procederá á cualificación previa da documentación Xeral so sobre A) presentada polos propoñentes e, de estar a documentación conforme coa esixida no prego de condicións, procederá a apertura do sobre B) Documentación económica.

Se observasen defectos formais na documentación presentada, poderá conceder, se o xulga oportuno, un prazo non superior a 3 días hábiles para que os licitadores os subsanen.

Os requirimentos de complemento ou aclaración e de subsanación de documentación faranse públicos mediante o seu anuncio no taboleiro de edictos da Entidade, sen prexuízo da súa notificación individual ós empresarios afectados.

En todo caso, non procederá a apertura das proposicións presentadas ata que o órgano de contratación decida sobre as que fosen admitidas, unha vez transcorridos, de haberse requirido, os prazos anteriores para complemento, aclaración ou





ENTIDADE LOCAL MENOR  
DE  
PAZOS DE REIS  
(TUI)

subsanción da documentación.

Do actuado conforme ó sinalado neste artigo deixarase constancia expresa na acta que ó efecto deberá levantarse, na que, así mesmo, farase pronunciamento explícito sobre os empresarios admitidos á licitación, os rexeitados e as causas da súa exclusión.

- 12. EMPRESA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.-** O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a mellor oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, en concreto a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 13. GARANTÍA DEFINITIVA.-** O adxudicatario, antes da formalización do contrato e dentro do 7 días hábiles seguintes á notificación da adxudicación da concesión, deberá de acredita-la constitución de garantía definitiva equivalente ó importe **de dúas mensualidades** correspondentes ao importe ofertado. O incumprimento deste requisito, por causa imputable ó concesionario, dará lugar á resolución do contrato.

A garantía responderá do adecuado cumprimento das obrigas asumidas polo concesionario, e da devolución dos bens concedidos nas adecuadas condicións, polo que se estenderá durante o prazo de duración desta.

- 14. ADXUDICACIÓN.-** Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante da Entidade Local Menor de Pazos de Reis, integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, no seguinte enderezo electrónico: <https://www.contratosdegalicia.gal/>, no prazo de 15 días. A adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ao de apertura das proposicións.

- 15. FORMALIZACION DO CONTRATO.-** A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase non máis tarde do quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Non entanto, a continuación iniciaranse os trámites para a súa elevación a escritura pública sendo os gastos que se orixinen de conta do adxudicatario.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía constituída polo licitador.

Se as causas da non formalización fosen imputables a Entidade, indemnizarase ao adxudicatario dos danos e prexuízos que a demora lle poida ocasionar con independencia de que poida solicitar a resolución do contrato.







ENTIDADE LOCAL MENOR  
DE  
PAZOS DE REIS  
(TUI)

**16. EFECTOS E EXTINCIÓN DO CONTRATO.-** O contrato extinguirase por cumprimento ou resolución.

A estes efectos, será de aplicación ademais do contido no presente prego de cláusulas administrativas particulares, no Código Civil e demais disposicións de dereito privado que sexan de aplicación.

Considerarase causa de resolución do contrato a falta do pago do prezo, nos prazos e forma establecidos no presente Prego.

A aplicación das causas de resolución, os seus efectos así como o procedemento correspondente e a indemnización por danos e prexuízos que proceda, axustaranse ao disposto nas disposicións de dereito privado (Código Civil) de aplicación coas excepcións establecidas neste prego.

**17. REQUISITOS DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.-** Corresponde ó adxudicatario cumprir obrigatoriamente as seguintes esixencias:

- Aportar as instalacións, equipamento e bens para o funcionamento do servizo.
- Manter en bo estado o local e superficies de uso, así como efectuar as reparacións e mantemento daqueles e conservación ou substitución á súa costa dos elementos que o requiran, previa autorización da Entidade.
- A obtención polo adxudicatario dos permisos e autorizacións sectoriais, que no seu caso, sexan necesarias para o desenvolvemento da actividade.
- Aboar os gastos de teléfono, enerxía eléctrica, gas, e calquera outro de natureza análoga.
- Satisfacer os tributos estatais, autonómicos e locais que se deriven do exercicio da actividade.
- Concertar pólizas de responsabilidade civil, que cubran os riscos que se puidesen causar.
- A comunicación a Entidade das reparacións ou calquera outra actuación, que deberá ser autorizada polo órgano competente.

**18. OBRAS E INSTALACIÓNS.-** Poderán realizarse as obras de acondicionamento necesarias para a utilización do local, así como as instalacións precisas para o exercicio da actividade pretendida. **Non obstante, en todo caso precisarán obter autorización previa desta Entidade.** Nin as obras nin as instalacións poderán supor alteracións da fisionomía ou estrutura das instalacións. Ao termo da concesión por calquera das causas legalmente establecidas, reverterán a Entidade todas as instalacións en perfecto estado de uso e explotación, aínda cando foran executadas polo concesionario, sen que aquel percibise por iso pagamento ou indemnización algunha. A entrega e recepción das instalacións e servizos, farase pola Entidade coa formalización das oportunas actas-inventario.







ENTIDADE LOCAL MENOR  
DE  
PAZOS DE REIS  
(TUI)

**19. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.-** O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpreta-los contratos administrativos e resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar, por razóns de interese público, os contratos e acorda-la súa resolución e determina-los efectos desta, dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na lexislación contractual.

Os acordos que dite o órgano de contratación, logo do informe da Asesoría Xurídica, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolucións, serán inmediatamente executivos.

**20. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.-** Este contrato ten carácter privado, a súa preparación e adxudicación rexerá polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas; o Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexerá polas Normas de Dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes.

Pazos de Reis, documento asinado dixitalmente ao marxe

